

## FICHA DE INSCRICIÓN "ALDEA DE VERÁN 2017"

**Data da inscrición:** \_\_\_\_\_

**Nº de inscrición:** \_\_\_\_\_

### 1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome e Apelidos \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Enderezo \_\_\_\_\_

Localidade \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_

### 2. DATOS DA/O NENA/O PARTICIPANTE:

Nome e Apelidos \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

Ten algún irmán/irmá na actividade \_\_\_\_\_

### 3. CONTACTO EN CASO DE URXENCIA (cubrir só no caso que sexa diferente á persoa solicitante):

Nome e Apelidos \_\_\_\_\_

Parentesco \_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto \_\_\_\_\_

### 4. PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA/O PARTICIPANTE:

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

### 5. MESES DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE:

- Xullo  
 Agosto

Observación: \_\_\_\_\_

### 6. HORARIO DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE:

- De 8:30 a 14:30 horas.  
 De 10:00 a 14:30 horas.

### 7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

- Deberase comunicar á persoa responsable da actividade os cambios que poidan figurar nos datos da súa ficha de inscrición.
- A cota de inscrición mensual na actividade será:

	<b>HORARIO DE 8:30 A 14:30 HORAS</b>	<b>HORARIO DE 10:00 A 14:30 HORAS</b>
1º Membro da unidade familiar	90€	60€
2º Membro da unidade familiar	60€	40€
3º Membro da unidade familiar	30€	20€

- O pagamento da actividade será por mes completo e en ningún caso por fraccións, independentemente da participación na actividade.
- Pregrase puntualidade na entrega e recollida das nenas e nenos. Máis de 4 faltas de puntualidade ó mes sen xustificar na entrega e recollida das nenas e nenos, poderá ocasionar a baixa automática na actividade.
- O pago deberá efectuarse mediante transferencia bancaria na conta **(ABANCA) ES74-2080-0208-01-3110000059** nas seguintes datas, indicando como concepto **“Aldea de Verán 2017”, o nome e apelidos do/a neno/a inscrito/a e o mes de participación:**
  - **Do 1 ao 16 de xuño:** para as inscricións na actividade durante o mes de xullo. Neste mesmo período, tamén se poderá facer a reserva para o mes de agosto procedendo á inscrición para os dous meses.
  - **Do 1 ao 14 de xullo:** para as inscricións na actividade durante o mes de agosto.
- Finalizados os prazos de matrícula, as persoas que NON estean empadroadas no Concello de San Sadurniño deberán facer o pago unha vez que os servizos

técnicos municipais lles confirmen a praza. A orde de entrada na actividade será, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello e respetando a seguinte orde:

1. Familias empadroadas no Concello de San Sadurniño.
  2. Familias con algún dos membros con algunha vinculación laboral co municipio.
  3. Familias empadroadas noutros Concellos, tendo preferencia aquelas con fillos e/ou fillas matriculadas no CPI de San Sadurniño e na EIM A Rolada
- \*Existirán 2 prazas reservadas para derivacións dos servizos sociais ou casos de urxencia por motivos sociofamiliares ou económicos.

- As persoas interesadas en participar na actividade durante o mes completo e con demanda dende as 8:30 horas tamén terán preferencia ante as familias que participen só por quincenas e con demanda dende ás 10:00 horas.
- Infórmase que na franxa horaria de 8:30 a 10:00 só contaremos con 10 prazas dispoñibles e de 10:00 a 14:30 contaremos cun máximo de 40-45 prazas. Unha vez cubertas as prazas, o resto das inscricións formarán parte dunha lista de reserva ordenadas tendo en conta os criterios anteriores.
- Ás persoas interesadas na actividade en períodos de 15 días ou pertencentes a outros Concellos, recolleránselles os seus datos na ficha de inscrición, pero para formalizar o pago da matrícula deberán agardar a que rematen os prazos de inscricións establecidos e a confirmación da súa praza polos servizos técnicos municipais.
- En ningún caso se procederá a devolución das cotas unha vez realizado o pagamento.

## **8. OBSERVACIÓNS:**

- Recoméndase vestimenta cómoda, axeitada e fácil de lavar para as actividades que se ofertan.
- Lémbrese que os e as participantes boten crema solar antes de saír da casa, traian unha pequena merenda para media mañá, unha gorra e unha botella de auga.
- No caso de que os nenos e nenas realicen algunha actividade acuática deberán levar unha bolsa con bañador, toalla, gorro e chanclas.

OUTROS ASPECTOS QUE DESEXE SINALAR A FAMILIA:

*Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos sinalados nesta ficha son certos.*

*A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.*

*De acordo do establecido pola lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, vostede consinte que tanto os seus datos de carácter persoal como os do/a menor de idade, sexan incluídos nun ficheiro coa finalidade de xestión administrativa do Concello e declaro estar informado/a sobre os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderei exercer no domicilio social de Concello de San Sadurniño en O Casal nº 16, 15560 – San Sadurniño (A Coruña).*

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asinado,  
D./D<sup>a</sup>.

**DOCUMENTACIÓN ANEXA:**

- **Fotocopias dos DNI das persoas autorizadas para a entrega e recollida do/a participante.**
- **Autorizacións ao Concello de San Sadurniño.**
- **Cuestionario médico-sanitario debidamente cuberto e fotocopia da tarxeta sanitaria do/a participante.**
- **Xustificante do ingreso bancario (só para as persoas empadroadas no Concello de San Sadurniño)**